

# La Opinión A Coruña » A Coruña

## Adeus a Mimina, compañeira do compromiso vital de Díaz Pardo

redacción | a coruña 03.11.2013 | 03:12  
[data de descarga: 16-9-2014]



Carmen Arias, con un dos seus fillos, o arquitecto Xosé Díaz. / v. echave

Carmen Arias, Mimina, viuva de Isaac Díaz Pardo e promotora de Sargadelos, finou a noite do venres con 92 anos no Castro. Compañeira desde os anos corenta do intelectual galeguista, con quen compartiu o seu compromiso vital e empresarial, naceu na Coruña o 15 de abril do ano 1921. As súas cinzas serán lanzadas ás augas de Sada por desexo propio.

En Voces da Memoria: galegas exiliadas, emigradas e resistentes, a investigadora Beatriz Graña describe como en Mimina se mesturaban os dous mundos da posguerra: o da súa familia conservadora e a dos Díaz Baliño, dous polos que lle deron "grande amplitude de visión á hora de avaliar a realidade vivida". Arias de Castro é recoñecida como figura clave para o nacemento da fábrica de cerámica, non só porque o complexo se levantou sobre os terreos da súa familia, senón polos seus deseños nas primeiras porcelanas. Tanto neste campo como na xoiería en cerámica, no que foi mestra das artesananas de Sargadelos, Mimina puido recuperar e desenvolver a súa vocación artística, despois de ter abandonado de moza a carreira de Belas Artes.